

INFORMACIÓN E INSTRUCIÓNS RELATIVAS ÁS BOLSAS NEAE 2021-2022

Normativa de referencia: **Resolución de 28/07/2021, de la Secretaría de Estado de Educación, por la que se convocan ayudas para alumnado con necesidad específica de apoyo educativo para el curso académico 2021-22**

As familias cubrirán, tal como indica a convocatoria, **exclusivamente as solicitudes vía web a través da sede electrónica** do Ministerio de Educación (achéganse enlaces ao final deste texto para información e cumprimentación) e presentarán a solicitude no centro educativo ata o **30 de setembro** inclusive.

É moi importante asegurarse de que consten as firmas requiridas:

1.- Na FOLLA 1 para autorizar á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a facilitar os datos económicos ás administracións educativas .

2.- No apartado A CUMPRIMENTAR POR TODOS/AS OS/AS SOLICITANTES por parte do pai/nai/titor, e, no seu caso, o resto de membros maiores de idade da unidade familiar. (**Todos teñen que asinar**)

3.- No apartado B):

- Terá que estar riscada algunha das necesidades polas que se solicita a bolsa. Nos casos de TDAH ten que estar asociado a discapacidade ou trastorno grave de conduta.

- Cumprimentarase **todos os apartados da táboa** que figura na parte inferior do documento.

4.-No apartado D) (gabinete ou centro reeducador): deberán consignarse as horas semanais e a duración previsible do servizo ou programa.

Aportarase a documentación necesaria:

- Presentarase tamén documentación acreditativa do certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% (art 2.4). (A diferenza do curso pasado non existe ningunha excepción que exima desta acreditación)

- Comprobarase a consignación na solicitude dunha **conta corrente na que conste como titular ou cotitular o propio beneficiario** o caso contrario dará lugar a denegación (se foi autorizado o/a director /a do centro educativo para percibir a axuda figurará este). **En relación con isto, deberá presentarse certificado da conta bancaria a nome do beneficiario da bolsa.**

<https://www.educacionyfp.gob.es/contenidos/estudiantes/educacion-infantil/becas-y-ayudas/necesidad-especifica-apoyo-educativo.html>

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas.html>